

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O DEZASETE DE OUTUBRO DE DE DOUS MIL DEZANOVE.

ASISTENTES:

Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro

Concelleiros/as:

D<sup>a</sup> Raquel Caruncho Corral  
D. José Simoes Couceiro  
D<sup>a</sup> Yolanda Vázquez Busto  
D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera  
D. Daniel Ríos Fernández  
D. Joshua Dopico López  
D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal  
D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro  
D. Andrés Pérez Pérez  
D. Santiago José Rodríguez Piñeiro  
D<sup>a</sup> Rocío Souto Torre

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as catorce horas e trinta e seis minutos do día dezasete de outubro de dous mil dezanove, xúntanse en sesión extraordinaria do Pleno, primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor alcalde-presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaria Municipal.

Non asiste:

D. Luis Pena Mosquera

A Secretaria:

Dna. Marta Cajide Barbeito.

A Presidencia abre a sesión, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

#### ÚNICO.- SORTEO DOS/AS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS ÁS CORTES XERAIS DO VINDEIRO 10 DE NOVEMBRO DE 2019.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

#### “PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

#### SORTEO DOS/AS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS ÁS CORTES XERAIS DO VINDEIRO 10 DE NOVEMBRO DE 2019.

(Expediente TEdC: 2019/G006/000147)

A necesidade da sesión ven motivada pola convocatoria das eleccións ao Congreso dos Deputados do vindeiro 10 de novembro, mediante Real Decreto 551/2019 DE 24 de setembro (BOE nº 230 de 24.09.2019), de acordo co disposto no artigo 167.4 e na disposición adicional sétima da Lei Orgánica 5/1985 de 19 de xuño do Réxime Electoral Xeral.

Proponse o seguinte sistema a seguir, de conformidade co acordado pola Comisión informativa de facenda 26.01.2009, sobre a utilización de medios informáticos dos que se dispoñen para



poder realizar o sorteo público para a composición das Mesas Electorais das vindeiras eleccións ás Cortes Xerais do vindeiro 10 de novembro.

Dado que se dispón en soporte informático do Censo electoral e dun programa proporcionado pola Deputación Provincial da Coruña, que realiza o sorteo de modo automático e aleatorio, e que elabora as notificacións e listados necesarios para este proceso, trátase de autorizar que o sorteo se faga normalmente nas dependencias administrativas municipais, dando oficialidade no pleno extraordinario que se celebra hoxe mesmo.

No caso de que a Xunta Electoral de Zona solicite o nomeamento de novos compoñentes das Mesas para substituír aos seleccionados que por motivos xustificadas non poidan acudir o día das eleccións, seleccionaranse os números que resulten de sumar 10 aos números dos/as electores/as que se substitúan, sempre que se reúnan os requisitos esixidos pola Lei electoral para ser Presidente/a ou Vogal segundo o establecido no artigo 26 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral.

Por tanto, e segundo o anterior propónse ao Concello Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

**1. Autorizar a utilización de medios informáticos para a realización do sorteo das persoas membros das mesas electorais con motivo das eleccións Cortes Xerais do vindeiro 10 de novembro de 2019.**

**2.- Efectuar o sorteo e designar aos/ás membros das distintas Mesas que actuarán como Presidentes/as ou Vogais con dúas persoas suplentes por cada un/ha deles/as.**

**3.- Ratificar as normas segundo o sistema acordado na Comisión Informativa do 26.01.2009 de que no caso de que a Xunta Electoral de Zona solicite o seu nomeamento, o/s elector/es cuxo número resulte de sumar 10 ao número de elector/es que substitúa/n, sempre que cumpran os requisitos legais para ser Presidente/a ou Vogal da mesa, segundo o artigo 26 da Lei orgánica do réxime electoral xeral.”**

A Secretaria da lectura ás persoas membros das mesas que resultaron do sorteo (1 presidente/a e dous 2 por mesa.

Os/as membros presentes **TOMAN RAZÓN**.

Non habendo máis asuntos que tratar, o alcalde levanta a sesión, sendo as catorce horas e corenta e catro minutos do expresado día. Autorízase o presente borrador da acta coas sinaturas dixitais do alcalde e da secretaria, que dá fe.

